Guía Didáctica

Orientacións para o profesorado

1. - INTRODUCIÓN:

"Music" é unha unidade didáctica creada por Juan Bautista Ramos Saíñas.

Destinatarios: centrada nos contidos propios de 1º da ESO, serve como consolidación e/ou introdución a novos coñecementos sobre os temas aquí tratados.

Areas, contidos e competencias básicas: abrangue contidos propios das áreas de Lingua Inglesa, Xeografía, e Historia da Música. Na unidade trabállanse as catro destrezas necesarias para a adquisición dunha lingua estranxeira (Reading, Writing, Listening e Speaking) así como conceptos máis propios de temas transversais como o traballo en equipo.

Esta unidade pretende contribuír á adquisición das seguintes competencias clave:

- ***Comunicación Lingüística**:* o conxunto das actividades interactivas e multimedia presentes nesta unidade van encamiñadas a mellorar as 4 destrezas da aprendizaxe da lingua inglesa.
- ***Competencia dixital:*** a unidade preséntase en formato dixital e require do alumnado aprender a manexarse cunha certa soltura.
- ***Competencia social e cívica:*** expresando as propias ideas e escoitando as alleas tanto no traballo cooperativo como na Webquest. Esta competencia favorece tamén a comprensión da realidade histórica e social do mundo.
- ***Conciencia e expresións culturais:*** Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música e da literatura.
- ***Aprender a Aprender***: o subapartado “Guide” dentro de “Grammar”, pretende que o alumnado a use como boa práctica de aprendizaxe.
- ***Autonomía e iniciativa persoal:*** responsabilizándose da elaboración das tarefas e proxectos propostos na unidade xa sexan individuais ou colectivos con confianza, creatividade e sentido crítico.

A unidade divídese en 9 apartados fundamentais:

- GRAMMAR: Nesta unidade traballaremos coas formas de pasado do verbo to be, xunto coa diferenza entre there was e there were..
- SONG: Con esta actividade “lúdica”, refórzase a estrutura gramatical aprendida.
- FUNCTIONS: Prepositions of time.
- VOCABULARY: Instrumentos musicais

- EXTRA- CURRICULAR: Un repaso pola historia da música e os diferentes xéneros musicais.
- WEB TASK: Webquest sobre os xéneros musicais
- CELEBRITIES: Elvis Presley
- SPECIAL DATES: International Jazz Day
- CITIES: New Orleans

Ámbito: baséase fundamentalmente no uso do ordenador cun navegador web recente como Mozilla Firefox, Chrome, Opera, Maxthon ou Safari como soporte básico de toda a unidade, aínda que tamén se presentan propostas concretas nalgunha actividade para o seu desenvolvemento no caderno do alumno ou outros soportes que o docente estime oportuno. Só unha actividade (Speech Recognition) debe facerse nun navegador concreto: Chrome ou Maxthon xa que son os que de momento contan con ese software de recoñecemento de voz.

Temporalización: pensada para aproximadamente tres semanas. Dada a organización máis habitual dos contidos do primeiro curso da ESO, esta unidade sería a primeira da terceira avaliación. Non obstante teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización.

Interface: moi sinxela, baseada nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal se pode acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir dun enlace externo, xa sexa a unha páxina de consulta ou ben a material embebido como poden ser as cancións, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna, ou reproducir / parar e volver ás actividades.

A continuación ten unha descrición dos apartados presentes nesta Unidade Didáctica:

1.- GRAMMAR:

O tema de gramática desta unidade é o pasado do verbo to be e a diferenza entre as formas “There was” e “There were”.

1.1 Guide:

Guía didáctica para entender as diferentes formas afirmativa, negativa e interrogativa do verbo “To be” en pasado.



Este apartado é para o alumnado unha guía de estudo do pasado simple do verbo to be, e ao profesorado apórtalle unha serie de recursos para explicar as características desta forma verbal dende un ordenador, ben usando un proxector ou ben utilizando un taboleiro dixital como apoio para a explicación. Fíxese que en cada frase apórtase tamén o audio para que o alumnado traballe a comprensión oral en cada momento.

O botón “N” permítenos “agochar” as palabras en negriña que son as palabras chave para ver se o alumnado entendeu a explicación ou para a propia autoaprendizaxe:



1.2 Mind map:

Outra ferramenta máis para facilitar a aprendizaxe. Neste mapa conceptual amósase de xeito visual a gramática da unidade:



1.3 Be: Past forms:

Paquete con doce actividades para traballar a diferenza no uso de was e were:



O alumnado pode en todo momento "moverse" polas distintas actividades que forman o grupo, ben a través do "índice de actividades" (números na marxe superior esquerda), ben a través das frechas de "seguinte/anterior" (na parte inferior dereita). É

importante ter en conta que, en calquera momento de execución deste grupo de exercicios interactivos, podemos obter un informe de avaliación do traballo desenvolvido, "**auto avaliación**", pulsando sobre o botón gris da esquina superior esquerda. Ten máis información sobre os paquetes de actividades no documento "**Manual do Usuario**".

Ao premer na auto-avaliación, podemos observar o número de intentos que realizou o alumnado, se rematou a actividade con éxito, cantos intentos precisou e os puntos obtidos. Se poñemos o cursor enriba do número aparecerá unha subtáboa, dándonos máis detalles desa actividade concreta. Pode solicitar que o alumnado faga unha captura de pantalla cos resultados e que lla envíe, ou ben pode crear o seu propio control de usuarios e usalo cos paquetes de actividades propostos. Dese xeito, sempre e cando as actividades estean aloxadas nun servidor web, vostede terá acceso en todo momento a ese informe:

2 / 4 / 2018

22:41 h

N.	Activity	Executions	State	attempts:	points:
1	Activity 1	1		0	1
2	Activity 2	1		0	10
3	Activity 3	1		0	1
4	Activity 4	1		1	5
5	Activity 5	1		0	10
6	Activity 6	1		5	-3
7	Activity 7	0		0	0
8	Activity 8	0		0	0
9	Activity 9	0		0	0
10	Activity 10	0		0	0
			5 / 10		24

22:48 h

1.4 Listening:

Actividade individual que se abre nunha nova ventá para colaborar na adquisición da destreza de comprensión oral. O alumnado debe premer no altofalante para escoitar a frase e logo escribila correctamente na caixa. Loxicamente, todas as frases inciden no aspecto gramatical traballado: As formas de pasado do verbo “To be”:

1.5. Writing:

Actividade individual a xeito de proposta para a destreza de produción escrita. A proposta neste caso consiste en enviar un documento que inclúa dúas fotografías: unha antiga e outra moderna tomada no mesmo sitio que anterior. O alumnado debe describir as diferenzas usando as formas “There is”, “There are”, “There was” e “There were”. Proponse unha ligazón ao xestor de arquivos que se explica máis adiante para subir o documento.



1.6 Speaking

Esta actividade servirá como proposta de exame de produción oral. O alumnado debe describir a foto da imaxe usando o pasado do verbo to be:



2.- SONG:

O alumnado deberá escoitar a canción “Till there was you" dos Beatles (versión de Paul McCartney en solitario), para traballar a destreza de “listening” e ao mesmo tempo reforzar a estrutura gramatical vista con anterioridade: As formas de pasado do verbo to be.

2.1 Audio

Premendo nesta opción obtemos un reprodutor embebido coa canción que poderemos parar, reproducir ou rebobinar ao mesmo tempo que realizamos as actividades.

2.2 Activities

Este paquete de cinco actividades permítenos traballar coa letra da canción ao mesmo tempo que se vai escoitando no vídeo anterior. Fíxese que se aproveita a “escusa” da canción para seguir afondando no aspecto gramatical que se traballa nesta unidade, como xa se explicou con anterioridade.

3.- FUNCTIONS: How to express time

3.1.- How to express time.

Mapa conceptual ue explica dun xeito visual os diferentes usos de “in”, “on”, “at” como preposicións de tempo.

3.2.- Prepositions of time.

Once actividades interactivas para traballar con “in”. “on” e “at” como preposicións de tempo.



3.3 Writing:

A proposta neste caso para traballar a produción escrita é elaborar unha serie de frases que inclúan unha preposición de tempo e as expresións que se adxuntan.

3.4 Listening:

Neste caso, o alumnado debe escoitar unha frase que non contén a preposición de tempo. O alumnado debe escribir correctamente a frase identificando ademais a proposición de tempo que debe acompañala.

3.5 Speaking:

Para traballar a produción oral elaborouse un xogo. O alumnado debe descubrir unha das casiñas en cada quenda (pódese facer por equipos), Aí verá unha expresión de tempo. Deben facer unha frase de xeito correcto incluíndo de xeito obrigatorio unha preposición de tempo. O profesor/a escribirá un cadrado de igual xeito no encerado para ir marcando as casiñas e xogar dese xeito ao 3 en raia.



4.- VOCABULARY: Musical instruments

4.1.- Guide.

Guía didáctica que se abre no centro do espazo web e que contén información sobre os instrumentos musicais máis comúns e as familias ás que pertencen.



Ademais de información relativa á familia dos instrumentos podemos atopar unha foto dos instrumentos que logo traballaremos na unidade xunto coa súa pronunciación.

4.2.- Pictionary.

Neste pictionary, que tamén se abre no centro do espazo web, temos os instrumentos cos que traballaremos na unidade e que o alumnado precisa aprender. Fíxese que ao facer dobre clic a imaxe ven a fronte. Ao premer na icona da nota musical, ábrese un reprodutor que nos permite escoitar a pronunciación inglesa do instrumento.



4.3.- Instruments.

Paquete con doce actividades interactivas sobre os instrumentos musicais:



Observe que, ao igual que o resto dos paquetes, tívose especial coidado en abrir as actividades nunha ventá emerxente, para así poder consultar na ventá principal a guía didáctica ou ben o pictionary.

4.4.- Listening:

Paquete con 5 actividades no que se fai fincapé na destreza de comprensión oral:

4.5.- Writing:

Neste enlace traballamos a destreza de produción escrita. A proposta neste exemplo é intentar recoñecer e escribir todos os instrumentos que se amosan na fotografía. Como alternativa para poder recoller o traballo do alumnado pódese subir o traballo ao "file manager" que detallamos máis abaixo.

4.6- Speech Recognition:

Neste enlace traballamos a mellora da produción oral. Este paquete con 4 actividades só funcionará cun navegador Chrome ou Maxthon. Débese proporcionar permiso para usar o micrófono. (no documento técnico hai más información ao respecto). O alumnado debe premer no micrófono e pronunciar a palabra que se solicita. Se o fai ben, a palabra / frase aparecerá escrita na caixa do exercicio. Se non está conforme co que o programa escribe, pódese repetir o intento de dicir a palabra as veces que faga falta. Deste xeito o alumnado vese obrigado a mellorar a súa pronunciación:



4.6- Speaking:

Neste enlace traballamos a destreza de produción oral. Ofrécese unha imaxe dunha orquestra sinfónica e o alumnado debe dicir os instrumentos que recoñeza. Neste caso aprovéitase unha das potencialidades que nos ofrece Ardora. Coa actividade Zoom permítese recorrer unha fotografía fixándose no detalle e ampliándoa. Para iso, temos que mover o cadrado gris da imaxe da dereita para poder mover o zoom por onde nos interese.



5.- EXTRA CURRICULAR: History of music and music genres.

Dende este apartado inténtase fomentar a interdisciplinariedade. Neste caso, tocamos un tema que ten relación obvia coa asignatura de música.

5.1.- Classical music.

5.1.1- Activities:

Paquete con 9 actividades interactivas diferentes para traballar diferentes aspectos relacionados coa música clásica



Na actividade do exemplo, fíxese que hai un altofalante. Premendo nel o alumnado poderá desfrutar escoitando unha das pezas máis coñecidas de Mozart: A pequena serenata nocturna. Exactamente o mesmo na seguinte actividade onde mentres se completa un texto sobre Beethoven, poden escoitar a sinfonía numero 5.

Na derradeira actividade do paquete o alumnado debe “recoñecer” algunhas pezas clásicas que seguramente lles soen familiares xa que aparecen en películas famosas tal e como expresamos na actividade.

5.1.2 Dictation:

Nesta actividade o alumnado debe escoitar 5 pezas moi famosas e escribilas seguindo o patrón AUTOR – TÍTULO, tal e como se pode ver na imaxe inferior:



Traballanse as seguintes pezas:

- ✓ O Danubio azul de Johann Strauss II
- ✓ O barbeiro de Sevilla de Rossini
- ✓ Himno á alegría de Beethoven
- ✓ Para Elisa de Beethoven
- ✓ Sinfonía no. 40 de Mozart

5.2.- Blues.

Paquete con 2 actividades para traballar sobre a orixe, as características do blues e os principais cantantes de blues da historia. No paquete proporciónanse dúas ligazóns para a consulta e así resolver doadamente as actividades.

5.3.- Jazz.

Paquete con 3 actividades para introducir ao alumnado ao mundo do jazz, que se desenvolverá con máis precisión no apartado de “special dates”. Neste caso traballamos sobre un pouco de historia, instrumentos usuais e famosos artistas de jazz.

5.4.- Rock.

5.4.1- Activities:

Paquete con catro actividades diferentes sobre a historia do rock: Na primeira completan cunha serie de palabras un texto sobre as orixes do rock and roll. Na segunda actividade deben emparellar algúns dos discos máis recoñecidos na historia do música cos seus autores. Na terceira actividade reordenan unha serie de eventos

chave na historia do rock, e por último arrastran palabras para completar un texto sobre o coñecido como “o día que morreu a música”.

5.4.2- Timeline.

Premendo neste enlace ábrese un traballo cooperativo no que o alumnado debe elaborar unha liña de tempo sobre a historia do rock. Esta será a pantalla que verán:



Para identificarse o alumnado debe premer no botón coa icona do lápis para proceder a identificarse:





Na pantalla seguinte debe proceder a identificarse inserindo o nome de usuario e contrasinal que lle foi facilitado polo seu profesor/a (consulte o manual do usuario para maior información ao respecto).

Unha vez dentro, o alumnado debe cubrir unha serie de campos para elaborar o que se require na liña de tempo. Observe a imaxe inferior:



No campo “Event” escribirá a frase que logo aparecerá na liña de tempo. En URL pode (optativamente) incluír unha páxina web con máis información sobre o que vai contar a continuación co campo “Information”.

No campo “Start” debe incluír a data co formato: ano, mes e día. Os botóns inferiores permiten personalizar a cor do botón que aparecerá ao lado do “event” na liña de tempo. Podemos inserir tamén unha imaxe. Para iso, deben premer no campo “examinar” e ábrese un explorador de arquivos que permitirá seleccionar a imaxe. No campo “Width” establecemos o ancho máximo en píxeis da imaxe. A continuación prememos no botón de “validar” para que a entrada quede rexistrada.

Logo de confirmar que queremos gardar a entrada este será o resultado final:



5.4.3- American Pie.

a) Video:

Video embebido coa canción “American Pie” de Don McLean. A canción fai un recorrido pola historia do rock dende os anos 50 facendo especial fincapé no accidente de Richie Valnes, Buddy Holly e The Big Bopper ao que denomina “The day the music died”. Ao longo da canción fala tamén de auténticos líderes da música rock como Bob Dyaln, Elvis Presley, Janis Joplin, John Lennon ou os Rolling Stone.

b) Activities:

Paquete con 8 actividades para traballar coa letra da canción

5.5.- Rap.

Paquete con 4 actividades para traballar sobre as orixes do rap, a diferenza entre rap e hip-hop, a definición de termos clave e o nome de dez dos raperos máis famosos da historia.

5.6.- Music genres:

A xeito de resumo propóñense estas dúas actividades: a primeira é de asociación mediante frechas, que permitirá ao alumnado familiarizarse cos distintos xéneros musicais e con algúns dos grupos e/ou cantantes máis representativos. A segunda é un test de 10 preguntas sobre os diferentes xéneros musicais.

5.7 Logic Game:

Para rematar dun xeito "lúdico" a unidade, o alumnado debe intentar completar este xogo de lóxica onde se xunta os coñecementos do vocabulario visto na unidade coa comprensión lectora para poder resolver e completar a táboa.

6.- WEB TASK:

Dende este apartado inténtase motivar ao alumnado na realización de tarefas en grupo, realizando unha aprendizaxe construtiva e baseándonos en información dispoñible na web. Neste caso levaremos a cabo unha Webquest que terá como obxectivo final que os/as alumno/as investiguen sobre os diferentes xéneros musicais: características, máximos representantes, etc.

6.1.- Webquest

O alumnado debe buscar cos recursos proporcionados as características dos xéneros musicais asignados Os recursos xa están seleccionados para evitar confusas pescudas e proporcionan exactamente a información que queremos que lean, e non só a páxina principal dun sitio que os podería levar a perder demasiado tempo e enerxía. Unha vez feito isto, o alumnado debe seguir os pasos detallados no apartado "Process" que explican como organizar o traballo que hai que entregar. Asemade, no apartado "Evaluation" facilítanse os criterios sobre os cales o alumnado será avaliado.

6.2 File Manager

Este xestor de ficheiros permítelle ao alumnado aloxar "na nube" os ficheiros que lles sexan solicitados, neste caso o producto da webquest.

Primeiro de todo deben identificarse co nome de usuario/a e contrasinal que lles foi facilitado:

A continuación entrará nun sistema de ficheiros moi doado de usar:





Antes de nada debemos (como profes e como alumnos) crear un cartafol onde subir os arquivos. Para iso, prememos no seguinte botón:

A continuación ábrese unha ventá emerxente que permite poñerlle nome ao cartafol

Só nos quedaría premer no botón verde, e o noso cartafol estará creado:

Como observamos nesta imaxe, o cartafol está creado (círculo azul).

Agora só queda subir arquivos a ese cartafol, para iso prememos na frecha sinalada na parte inferior da imaxe:

Logo de premer na frecha, ábrese un explorador de arquivos que nos permite escoller o arquivo que queremos subir:



Ao premer no botón verde de validar, vemos que que xa está incorporado o arquivo:



7.- CELEBRITIES: Elvis Presley.

Neste apartado trabállase con personaxes famosos de distintos eidos, tanto no deporte, como na música, na política ou no cine.

7.1.- Vídeo:

Inclúese no espazo central un vídeo embebido que resume as dez cancións máis coñecidas do rei do Rock.

7.2.- Elvis Presley:

Paquete con sete actividades interactivas sobre a vida e a música de Elvis:

8.- SPECIAL DATES:

Neste apartado trabállase con datas importantes para a formación integral do alumnado en base a competencias. Nesta unidade, e aproveitando a temática xeral en toda a unidade, traballamos co “Día Internacional do Jazz” que se celebra cada ano o 30 de Abril e co que se pretende concienciar sobre a importancia do Jazz como ferramenta educativa, e como vía para a promoción do diálogo e a cooperación entre os pobos.

8.1.- Poster Instruments:

Neste apartado preséntase dun xeito visual e diferente ao anterior o vocabulario dos instrumentos máis comúns no mundo do jazz. Ao pasar o rato por riba, o alumnado verá o nome do instrumento e ao facer clic escoitará a pronunciación.

8.2.- Jazz Instuments:

Paquete con 4 actividades interactivas para traballar o vocabulario relativo aos instrumentos máis usados no mundo do jazz:



8.3.- Brief History of Jazz:

Preséntase un breve repaso pola historia do Jazz, e os músicos máis representativos deste xénero musical mediante unha actividade multimedia en formato libro. Para pasar as páxinas debemos premer nas frechas do teclado.



8.4.- International Jazz Day:

Paquete con 10 actividades interactivas para traballar sobre a historia do Jazz e os músicos máis representativos:

8.5.- Collaborative Task:

Ao igual que fixemos antes coa historia do Rock, o alumnado debe elaborar unha liña do tempo sobre a historia do Jazz. Para iso deben inserir o seu nome de usuario e contrasinal e inserir os datos requiridos:



9.- CITIES: New Orleans

Dende esta sección preténdense ampliar o coñecemento do alumnado sobre as principais cidades dos países de fala inglesa. Neste caso relacionándoa coa música e co día internacional do Jazz non podíamos escoller outra cidade que non fose New Orleans.

9.1.-Vídeo:

Para comezar amósase un vídeo explicativo sobre un ducia de cousas que vale a pena ver e visitar en New Orleans.

9.2.-Activities:

Once actividades interactivas sobre a cidade de New Orleans:

9.3 Puzzle:

Para rematar dun xeito máis lúdico esta unidade facemos este quebracabezas sobre unha imaxe de “mardi gras” a gran celebración en New Orleans.

Palmeira, 30 de Abril de 2018